

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 13 de outubro de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se procede a designar os membros e a facer pública a composición do xurado de selección que analizará e valorará as solicitudes dos aspirantes aos premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de Música, de Danza, e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao curso 2014/15.

En virtude da autorización conferida pola disposición derradeira primeira da Orde do 29 setembro de 2015 (*Diario Oficial de Galicia* do 6 de outubro) pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15, e de conformidade co establecido no artigo 8 desa orde, en relación coa composición do xurado de selección encargado da análise e valoración das solicitudes,

DISPOÑO:

Primeiro. Designar os membros do xurado de selección que deberá analizar e valorar as solicitudes dos aspirantes aos premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de Música, Danza e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15 e facer pública a súa composición que é a que figura no anexo a esta resolución.

Segundo. O xurado poderá dispoñer a constitución dunha comisión técnica especializada para colaborar na valoración dos méritos dos aspirantes.

Terceiro. Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2015

Manuel Corredoira López
Director xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa



ANEXO

Xurado de selección.

a) Modalidade de Música.

Presidente: Juan Durán Alonso, subdirector xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial, por delegación do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Vogais:

Álvaro Ariño Roure, xefe do Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial.

Gustavo Lorenzo Prozzo, inspector de educación.

M^a Teresa Bárbara Criado, profesora de Música e Artes Escénicas.

Secretaria: Rosa Gíao Sánchez, asesora técnica da Subdirección Xeral Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial, que actuará con voz e sen voto.

b) Modalidade de Danza.

Presidente: Juan Durán Alonso, subdirector xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial, por delegación do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Vogais:

Álvaro Ariño Roure, xefe do Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial.

Concepción Aramburu Sánchez, inspectora de educación.

María Ángeles Gayoso Diz, profesora de Música e Artes Escénicas.

Secretaria: Rosa Gíao Sánchez, asesora técnica da Subdirección Xeral Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial, que actuará con voz e sen voto.

c) Modalidade de Artes Plásticas e Deseño.

Presidente: Juan Durán Alonso, subdirector xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial, por delegación do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.



Vogais:

Álvaro Ariño Roure, xefe do Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial.

Jesús Risueño López, inspector de educación.

Gonzalo Porral Mato, profesor de Artes Plásticas e Deseño.

Secretaria: Rosa Gao Sánchez, asesora técnica da Subdirección Xeral Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial, que actuará con voz e sen voto.

